

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS MASCULINA E FEMININA DA TEMPADA 2016

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

R E U N I D O S

Dunha parte o Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia modificado polo Decreto 60/2015, de 16 de abril.

Doutra parte, o Sr. D. José Francisco Romero Cebreiro, presidente da Asociación Liga Noroeste, con CIF G36497782 e enderezo fiscal en Av. das Américas 33, 15172 Perillo-Oleiros (A Coruña).

Ámbalas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e a estes efectos

E X P O Ñ E N

- I. Que a Xunta de Galicia, conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle a competencia sobre a promoción deportiva (artigo 27.22), asumindo a Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, de acordo ao establecido no *Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*, modificado polo Decreto 60/2015, de 16 de abril.
- II. Que a Asociación Liga Noroeste organiza a Liga Galega de Traiñeiras masculina e feminina correspondente a tempada 2016 en colaboración cos clubs de remo participantes.

III. Que a Secretaría Xeral para o Deporte valora moi positivamente a formulación desta competición de alto nivel, entendendo que redundará no beneficio do deporte galego en xeral e do remo en particular.

IV. O procedemento de outorgamento directo da axuda á Asociación Liga Noroeste xustifícase pola imposibilidade de prover a concorrência dado que aquela é a responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas. Por outra banda, hai que salientar que este tipo de probas tan específicas non poden encadrarse nunha convocatoria en réxime de concorrência competitiva, dado que non é axeitado definir uns criterios xenéricos para a concesión de axudas a eventos e programas nunha mesma convocatoria mesturando actuacións de distinto tipo e envergadura, cada un dos cales responde a unhas necesidades diferentes e a unhas condicións específicas.

V. Que co fin de asegurar o éxito da competición, fixando as bases da colaboración entre ámbalas dúas entidades, estas conveñen en subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto deste convenio establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste, para a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras correspondente a tempada 2016.

Segunda.- Achega da Secretaría

2.1. O orzamento total estimado para a realización da actividade por parte da entidade ascende a oitenta mil euros (80.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 04.60.441A.481.0 código de proxecto 2014 00066 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2016.

2.2. O importe da axuda finalmente concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade para a que se concedeu.

2.3 Será obrigatorio declarar as axudas, públicas ou privadas, solicitadas e/ou recibidas con carácter previo á sinatura do convenio así como no momento da presentación de cada xustificación.

Terceira.-Obrigas da Asociación Liga Noroeste

3.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que se lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas no presente convenio, son obrigas da Asociación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia* -e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 08 de xaneiro-; en concreto:

- a. Con carácter previo á firma do convenio, é requisito indispensable a entrega da seguinte documentación:
 - Declaración responsable asinada polo presidente da Asociación de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes. (Anexo I)
 - Declaración asinada polo presidente da Asociación de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, segundo o modelo enviado previamente dende esta Secretaría Xeral (Anexo II). Esta declaración deberá entregarse de novo con cada una das xustificacións dos anticipos concedidos neste convenio.
 - Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, (Anexo III).
 - Certificación da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.
 - Código de Identificación Fiscal (CIF) da Asociación Liga Noroeste.
 - Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, a través da inclusión da publicación na web da totalidade de información segundo anexo V reflectido neste convenio e que será enviado previamente dende esta Secretaría Xeral.

- Orzamento da asociación Liga Noroeste para a organización da Liga Galega de Traiñeiras 2016 masculina e feminina.
 - Relación de clubs participantes na Liga Galega de Traiñeiras onde figure o nome do/da Presidente/a da entidade deportiva así como os datos de contacto da mesma.
 - Normativa de competición e normativa de regatas, regulamento disciplinario e calquera outro que afecte a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras 2016.
 - Calendario de competición, indicando datas, sedes e clubs participantes en cada caso.
- b. Organizar a competición obxecto deste convenio (premios aos participantes, dinamización da competición, promoción exterior, comunicación, etc.).
 - c. Distribuír a cada un dos clubs de remo participantes unha axuda económica de 1.720 € no caso da liga masculina, e una contía de 6.000 € para a liga feminina a repartir entre os clubs participantes na mesma. Para isto será preciso a firma previa dun convenio de colaboración entre cada club participante e a Asociación Liga Noroeste onde se establezan as bases da participación na Liga galega de Traiñeiras.
 - d. Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte.
 - e. Informar á Secretaría Xeral, expedindo a correspondente declaración, das posibles outras axudas ou subvencións solicitadas ou obtidas
 - f. Contar cunha póliza de seguros que cubra os riscos inherentes ao desenvolvemento xeral do programa segundo o establecido no artigo 23 da Lei 3/2012 do 2 de abril do deporte de Galicia, modificado na Lei 13/2015 do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas. A Secretaría Xeral queda exonerada de calquera reclamación, incluídas as dos danos e prexuízos, que se poidan derivar da organización do evento ou con motivo deste.
 - g. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ao efecto das actuacións de comprobación e control durante os catro anos seguintes.

- h. Acreditar estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, mediante declaración responsable a aportar no momento de subscrición do presente convenio, e elo conforme ao establecido no Anexo III.
- i. Colaborar e participar nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Secretaría Xeral directa o indirectamente, así como publicitar e facer mención expresa da colaboración da Secretaría Xeral na organización do evento, asegurando a súa presenza nos diferentes actos protocolarios, de publicidade, presentación e celebración das diferentes regatas que conforman a Liga Galega de Traiñeiras.
- j. Comunicar calquera eventualidade significativa na programación da proposta admitida.
- k. Calquera outra á que veña obrigada segundo os termos do presente convenio.
- l. Con carácter xeral comprométese a observar as obrigas relacionadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.2. Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

3.3. Colaborar, fomentar y facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

3.4. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.

3.5. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.

Cuarta.- Pagamento .

4.1. Conforme ao establecido no artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o abono da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a. Un primeiro pagamento por importe de **20.600 € en** concepto de anticipo, conforme as previsións do artigo 63.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro,

polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- b. O resto do importe, 59.400 €, pagaránse unha vez xustificado a totalidade do importe do convenio. A data límite de xustificación será o día 30 de setembro de 2016.

4.2. Non se realizará ningún pagamento se non se cumpre o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Quinta .- Xustificación da subvención

5.1. A xustificación da subvención farase antes do día 30 de setembro de 2016. De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación deberá presentar ante a S.X. para o Deporte a xustificación no prazo fixado no apartado anterior. Transcorridos este prazo sen presentar a xustificación correspondente nesta S.X. para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

5.2. Para a xustificación da subvención, a Asociación deberá aportar, unha relación clasificada da totalidade dos gastos realizados no que figuren os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes, a explicación do gasto detallado e datas de pagamento.

Esta relación acompañarase das facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas das mesmas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario.

Non obstante o anterior, en ambos casos e de conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos xuíces e/ou xuíces árbitros de regata, axudas de custo e quilometraxes.

5.3. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 €, deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola Asociación.

5.4. Para a xustificación económica do importe de 1.720 € que a Asociación Liga Noroeste debe distribuír a cada club de remo participante, deberá presentar o convenio asinado co club, as facturas orixinais ou compulsadas así como os xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club necesarios para a participación na regata ou ben factura oficial emitida polo club detallando todos os servizos realizados e o custe de cada un deles, así como a transferencia bancaria da Asociación Liga Noroeste ao club correspondente.

5.5. Na xustificación do pagamento final, xunto á relación clasificada de gastos e os documentos acreditativos dos gastos e pagos, a Asociación entregará a seguinte documentación:

- a) Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos, emitida polo Secretario da Asociación co visto e prace do Presidente.
- b) Declaración doutras axudas (Anexo II)
- c) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade Social (Anexo III)
- d) Certificado de veracidade dos datos presentados (Anexo IV)
- e) Memoria de actividades deportivas (parcial no primeiro pagamento e total no pagamento final).
- f) Memoria explicativa de cada un dos gastos presentados.

5.6. Ademais da documentación ata o de agora sinalada, para a xustificación do segundo e último anticipo deberá aportarse tamén:

- a) Acreditación, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.
- b) As memorias correspondentes a cada unha das regatas que conforman a Liga Galega de Traiñeiras (masculina e feminina).

5.7. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro do 2016, ambas datas incluídas.

Sexta .- Gastos subvencionables.

- Os gastos de organización e xestión da actividade.
- Os gastos en publicidade e/ou relacións públicas.
- Non se considera gasto subvencionable o IVE cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Sétima.- Gastos non subvencionables.

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os impostos persoais sobre a renda.

Oitava.- Inexistencia de relación laboral

Dos acordos que se reflicten neste convenio de colaboración non se deriva en ningún dos casos dereitos ou obrigas de carácter laboral.

Novena.- Sustentabilidade

A Asociación Liga Noroeste velará por que as regatas que conforman a Liga Galega sexan sostibles desde o punto de vista económico social e medioambiental.

Económico; mantendo as esixencias e necesidades do colectivo de participantes cunha redución no consumo dos recursos.

Social; fomentando unha concienciación social no uso e respecto dos recursos e materiais.

Medioambiental; utilizando, na medida do posible, sistemas capaces de cubrir as necesidades coa menor agresividade ao medio ambiente.

Décima.- Comisión de seguimento e interpretación

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes da Asociación Liga Noroeste.

No caso de conflito ou discrepancia, o Secretario Xeral para o Deporte, por solicitude dalgunha das partes poderá actuar como árbitro.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse polo Secretario Xeral como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a disposición adicional 2ª do Decreto 88/2013 de 30 de maio de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

Décimo primeira.- Vixencia do convenio e causas de resolución

10.1 A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2016, salvo denuncia expresa de calquera das partes.

10.2 Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O mutuo acordo entre as partes.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

Décimo segunda.- Revogación e/ou reintegro

Procederá á revogación da axuda e a obriga de reintegrar total ou parcialmente a mesma, así como, no seu caso, a esixencia dos xuros de demora correspondente, nos supostos de:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a concesión da axuda.
- c) Incumprimento das obrigas como beneficiario/a establecidas no convenio.
- d) A utilización dos fondos para fins distintos.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa á actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nestas bases, así como o incumprimento das obrigas contables, o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do proxecto subvencionado ou a

concorrenca doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

- f) Resultar inviable a realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- g) Por previa solicitude expresa do beneficiario.

Décimo terceira- Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial ao beneficiario das cantidades percibidas e as esixencias dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarta.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Regulamento da mesma aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade asíñase o presente por duplicado no lugar e data arriba indicados.

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

**O presidente da Asociación
Liga Noroeste**

José Francisco Romero Cebreiro

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a, con NIF, en
calidade de presidente/a da Asociación Liga Noroeste
..... co CIF e sede en
.....,

DECLARO:

Para os efectos do cumprimento da normativa de subvencións, esta entidade non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa concordante.

E para que produza os efectos oportunos, asino esta declaración en
..... con data do de de dous mil
dezaseis.

ANEXO II
DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS:

Don/Dona _____, con DNI _____
presidente/a da Asociación Liga Noroeste con CIF : _____

DECLARO baixo a miña responsabilidade que, para a mesma finalidade, en relación a outras axudas solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de entidades privadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución:

AXUDAS SOLICITADAS:

- ☐ **NON** se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.
- ☐ **SI** se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.

Entidade/Institución á que se solicitou	Obxecto da axuda	Importe solicitado

AXUDAS CONCEDIDAS:

- ☐ **NON** se recibiron outras axudas para a mesma finalidade.
- ☐ **SI** se recibiron outras axudas para a mesma finalidade.

Entidade/Institución concedente	Obxecto da axuda	Importe concedido

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

En _____ a _____ de _____ de 2016

Sinatura e Selo da entidade

NOTA: É OBRIGATORIO presentar esta Declaración para a tramitación de cada pago. No caso de que haxa outras axudas para algunha actividade deberá xuntarse ó certificado unha explicación na que conste o custe final da actividade subvencionada e todas as achegas que se recibiron, incluíndo a partida do convenio destinada á mesma.

ANEXO III
DECLARACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA
SEGURIDADE SOCIAL

Don/Dona _____
Presidente da Asociación Liga Noroeste

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que esta Asociación está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten ningún pagamento pendente coa Administración da Comunidade Autónoma.

O que asino,

En _____ a _____ de _____ de 2016

ANEXO IV
CERTIFICADO DE VERACIDADE

Don/Dona _____
presidente/a da Asociación Liga Noroeste

CERTIFICA:

Que a totalidade da documentación aportada con motivo da xustificación da subvención no ámbito do convenio de colaboración suscrito coa Secretaría Xeral para o Deporte, ano 2016, na data de, é veraz. .

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2016

ANEXO V

CERTIFICACIÓN

Don/Dona _____

Secretario da Asociación Galega de _____

CERTIFICA:

Que na páxina web da Asociación Galega de _____ existe un apartado denominado “Transparencia” onde consta, polo menos, a seguinte información:

1. Información institucional, organizativa e de planificación

- a. Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (art. 51.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no art. 56 da Lei do Deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos Estatutos federativos.
- b. Normativa aplicable:
 - Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substitúa.
 - Resolución do 8 de setembro de 2009, da secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou ou norma que a substitúa.
 - Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos, etc.)
- c. Estrutura organizativa: Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos.

2. Información económica, orzamentaria e estatística

- a. Relación de contratos subscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adxudicación; procedemento de celebración; no seu caso, instrumentos a través dos cales se publicitou; número de licitadores no procedemento; identidade do adxudicatario; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de deseistimento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación.
Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes foran inferiores a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumprimentarse trimestralmente.
- b. Relación de convenios subscritos cunha Administración Pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obrigas económicas convidadas.
Neste apartado informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma.
- c. Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.
- d. Orzamentos federativos, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.
- e. Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.
- f. Retribucións anuais (soldos e dietas) dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoreiro/a, Director/a Técnico/a e demais membros dos órganos da Federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2016

O Secretario

Visto bo do Presidente